

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECRETO DA ALCALDÍA

ASUNTO: Instrucción tramitación eventos festas populares instancias relacionado con Ordenanza procedementos intervención administrativa

EXPEDIENTE: 2024/G013/000004

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000208

Vista a proposta asinada dixitalmente en data 15 de maio de 2024 do Departamento de urbanismo en relación á tramitación administrativa de eventos e festas populares que constan no expediente e serve de motivación a este acto.


Sendo necesario en garantía de cumprimento da normativa vixente e por razóns de seguridade xurídica, eficacia e eficiencia na prestación dos servizos técnico medioambientais, urbanísticos e de seguridade fixar unha tramitación para a tramitación de eventos na vía pública (no seu caso) que oriente e esclareza a tramitación e documentación necesaria .

Visto que na celebración de festas e eventos populares na medida en que comportan unha ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal afectados polo evento requiren da preceptiva autorización da Administración.

Visto que este réxime de control se intensifica cando o acto de ocupación comporta a celebración de espectáculos e actividades extraordinarias especialmente as que requiren instalación de escenarios e estruturas móbiles.

Vista a Lei 10/2017 de 27 de decembro de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e normativa de desenvolvemento, tendo en conta o contido do Decreto 226/2022 de 22 de decembro polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e das actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de empresas e establecementos .

Vista a Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades de apertura de establecementos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Polo presente en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 212.1s) da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **RESOLVO** :

PRIMEIRO.- Aprobar a seguinte instrucción para información sobre a documentación e procedemento de tramitación a seguir no caso de eventos en vía pública :

TRAMITACIÓN DE EVENTOS NA VÍA PÚBLICA

1.- COMPOSICIÓN DOS EVENTOS

1.1.- CLASIFICACIÓN DOS EVENTOS

- A) Con Plan de Autoprotección: Eventos con mais de 10.000 persoas o aire libre
- B) Con Plan de Emerxencias: Eventos con menos de 10.000 persoas e máis de 1.000 o aire libre
- C) Con Memoria descriptiva: Eventos sinxelos con menos de 1.000 persoas

1.2.- INSTALACIÓNS MÁIS COMUNS NOS EVENTOS. Definicións

- **INSTALACIÓNS PORTÁTILES OU DESMONTABLES.** Carpas, gradas e escenarios temporais
- **ATRACCIÓNS ITINERANTES:** Dispositivos de entretemento cando o pasaxeiro se move a través de él ou sobre él (incluso montaxe de CAMIÓNS ESCENARIO)
- **INCHABLES:** Estrutura que basease no subministro de aire continuo para manter a súa forma, e na cal ou sobre a cal os usuarios poden xogar, botar ou deslizarse
- **CASSETAS DE FEIRA E FOODTRUCKS:** Barraca o estrutura cerrada ou similar que contén espectáculos, actividades ou xogos para o entretemento do público, onde o cliente non é



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

transportado de ningunha forma pola estrutura. Deben ter unha altura inferior a 5m e unha superficie ocupada menor de 30m²

- CASETAS DE TIRO: Casetas de feira con armas de aire comprimido
- POSTOS DE VENDA AMBULANTE: Posto de montaxe simple destinados a venda de produtos artesanais e/ou alimenticios.
- PALCOS DE MUSICA OU SIMILAR: Estrutura permanente fabricada de obra, require

dunha autorización expresa do Departamento municipal responsable da conservación e mantemento ou sexa certificado por técnico competente.

2.- FASES DE TRAMITACIÓN DE EVENTOS

1. Ocupación do dominio público, sempre require licenza ou autorización previa (

- Concello de Carral

<https://sede.carral.es>


Sen prexuízo de aportar autorización uso dominio público titularidade doutra Administración no seu caso.

Será necesario o pago de taxa por ocupación de dominio público , constando información con carta de pago na sede electrónica municipal

2. Título habilitante para o exercicio da actividade:

- Evento con PAU correspóndelle licenza
- Evento sen PAU Declaración Responsable.

3.- DOCUMENTACIÓN PARA A OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA (PRAZO 21 DÍAS HÁBILES)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- **MEMORIA** descritiva da actividade: Día/s do evento, horarios, aforo previsto e plano de ocupación do evento detallado incluíndo un listado numerado de postos e montaxes

previstos

- **DECLARACIÓN XURADA** do promotor do evento identificando ao instalador e potencia eléctrica do evento e a persoa física ou xurídica que asuma a responsabilidade técnica da execución do proxecto no caso de eventos de máis de 1.000 persoas
- **SEGURO RESPONSABILIDAD CIVIL** e recibo de pago ou certificado (sen franquicias nin sublímites) contía en función do aforo previsto (art. 8 do Decreto 226/2022) e de 200.000€ para comisións de festas, agrupacións ou asociacións de veciños,
- **PLAN DE AUTOPROTECCIÓN** ou **PLAN DE EMERXENCIAS** asinado por técnico

competente. (no seu caso)


4.- DOCUMENTACIÓN PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO (PRAZO 5 DÍAS HÁBILES)

Deben aportar a documentación requirida en cada caso electrónicamente a través do formulario TRAMITAR POR INTERNET no seguinte enlace:

<https://sede.carral.es>

4.1.- O PROMOTOR ORGANIZADOR DO EVENTO.

- **DECLARACIÓN RESPONSABLE** para a montaxe e posta en funcionamento das carpas, gradas, escenarios, atraccións itinerantes, inchables e camións escenario, descritos e enumerados na Memoria
- **DECLARACION RESPONSABLE** da montaxe de cada un das casetas e feira e Foodtrucks e postos de venda ambulante e no caso de venda de alimentos ou bebidas a **DECLARACIÓN RESPONSABLE SANITARIA**, descritos e enumerados na Memoria



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

4.2.- OUTROS.

Técnico competente designado:

- Certificación acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa aos requisitos exixibles
- Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico/a competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se

acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade.

Titulares de atraccións itinerantes, inchables e camiións escenario:

- Seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento ou certificado
- O proxecto da atracción, o manual de funcionamento e o libro de operacións, correctamente identificados coa mesma denominación que a Declaración Responsable
- Certificado da instalación eléctrica anual
- En tanto o Concello non dispoña de servizo de inspección:
 - Certificado de Revisión Anual firmado por técnico competente
 - Certificado de Montaxe por técnico competente

Titulares de instalacións portátiles desmontables (carpas, gradas e escenarios)


- Seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento ou certificado
- O proxecto da instalación asinado por técnico competente
- Certificación de instalación ou montaxe das “Instalacións portátiles ou desmontables” (carpas, gradas, escenarios) subscrita por técnico competente

Titulares de casetas de tiro

- Autorización municipal para uso das armas de aire comprimido

Solicitudes de tiradas de fuegos

- A empresa de pirotecnia solicitará o concello a actividade contratada
- Solicitarase permiso de ocupación no caso de fincas privadas



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

• 5.- OUTROS ASPECTOS DE INTERÉS.

COINCIDENCIA DE DOCUMENTOS

O solicitante do evento e o seguro de responsabilidade civil deben coincidir, polo que o evento será solicitado polo promotor do mesmo, asociación veciñal, cultural, etc... ou no seu caso un particular en representación xustificada do solicitante


DUPLICIDAD DE SOLICITUDES

Todas as solicitudes e ampliacións ou aclaracións, cambios de datas deben presentarse no Rexistro municipal facendo referencia ao expediente de orixe si é coñecido

CONTIDO MÍNIMO A INCLUIR NA MEMORIA, PLAN DE EMERXENCIA OU PLAN DE AUTOPROTECCION.

- *Nome do evento*
- *Promotor do evento*
- *Datas de montaxe e desmontaxe*
- *Datas e horarios de celebración*
- *Afección a mobilidade se fose o caso (cortes de tráfico, desvíos...)*
- *Aforo máximo previsto do evento*
- *Listado enumerado de atraccións, barracas e postos de venda ambulante*
- *Plano de ocupación onde podase identificar o espacio do evento e os postos enumerados correspondentes ao listado.*

SEGUNDO.- Aprobar os seguintes modelos oficiais para a súa publicación na sede electrónica municipal :



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECLARACIÓN XURADA DO PROMOTOR (Solicitud ocupación dominio público no seu caso)

D.maior de
idade, con D.N.I.
número.....,e domicilio a efecto de
notificacións en
.....,actuando en
representación
de
.....na súa condición
de.....,


DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

a) Son o responsable da celebración do evento que de seguido detállase:

- Identificación do evento:
- Datás e ano da celebración:
- Número de solicitude:
- Aforo previsto:
- Titular do terreo:

b) Que comprométo-me ao cumprimento dos distintos condicionados aos que se supedita a validez e eficacia da autorización de ocupación da vía pública. (aporsto carta pago tasa por ocupación dominio público)

c) Declaro baixo a miña responsabilidade que cúmprense todos os requisitos exixibles na normativa vixente para o exercicio da actividade e que dispoño da documentación que así o acredita, poñéndo-a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

disposición da administración cando sexa requerida e que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente a dito exercicio.

d) Designo ao seguinte técnico titulado competente.....,

coa titulación de.....,

coma responsable técnico do evento o cal procederá a emitir o certificado de adecuación do mesmo a normativa vixente, comprometendome a entregar dito certificado por rexistro electrónico antes do inicio do evento.

e) que todas elas contan coa autorización da entidade organizadora do evento e adxunto a súas


Declaracións Responsables.

f) Que comprométome a entregar unha copia do Plan de Actuacións fronte a Emerxencias ou Plan de Autoprotección (e facilitarlle a comprensión aos titulares das instalacións portátiles ou desmontables, atraccións itinerantes de feira, escenarios, carpas e postos de venda ambulante que figuran na relación anterior

g) Que comprométome ao cumprimento da normativa de Prevención de Riscos Laborais de aplicación, incluíndo a apertura do Centro de Traballo e a Coordinación de Actividades Empresariais entre outras

h) O **instalador** autorizado responsable da instalación eléctrica do recinto, cunha potencia total de kW, é....., con número de instalador.....e emitirá o *certificado da instalación rexistrado que debe remitir o Concello.*

i) Que comprométome ao cumprimento do referido a asistencia sanitaria, vixiancia e vías de evacuación e aseos que figuran respectivamente nos artigos 12, 13 e 14 do Decreto 226/2022



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I


Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

....., a de de

Sinatura do declarante:

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A MONTAXE E POSTA EN FUNCIONAMENTO DE INSTALACIÓNS PORTATILES OU DESMONTABLES, ATRACCIÓNS ITINERANTES DE FEIRA, ESCENARIOS E CARPAS

D., maior de idade, con DNI número ,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

e domicilio a efecto de notificacións en,
actuando en

representación de, na súa
condición de.....,

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

a) Que, na condición que expreso, o titular da instalación portátil ou desmontable /
atracción itinerante de feira que de seguido se identificará, pretende proceder á súa
posta en funcionamento dentro do recinto que resultou expresamente autorizado por
esa Administración municipal para a celebración do seguinte evento:

- Identificación do evento:
- Datas e ano da celebración:
- Número de solicitude:

b) Que a instalación desmontable obxecto desta Declaración responde á seguinte
denominación e características:

Denominación:


Número de expediente da Atracción no Concello de Carral:

Características (incluír descrición detallada da instalación):

.....
.....
.....

c) Que dispoño da documentación que acredita o cumprimento de tódolos requisitos
establecidos en la normativa vixente para o exercicio da actividade,

d) Que dispoño dun Seguro de responsabilidade civil por un importe mínimo de
150.000€, de conformidade co previsto na disposición adicional cuarta da Lei 9/2013,
para responder dos danos persoais e materiais e os prexuízos consecutivos
ocasionados ás persoas usuarias ou asistentes e a terceiras persoas e aos seus bens,
asinado coa compañía de seguros..... CO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es


seguinte número de póliza, con validez ata o día/...../.....

e) Que recibín do promotor do evento unha copia do Plan de Actuación fronte a Emerxencias ou do Plan de Autoprotección, que coñezo e entendo dito documento e comprométome a adhesión a él e a cumprilo en caso necesario.

f) Que a instalación portátil ou desmontable, atracción itinerante de feria ou carpa conta coa documentación e requisitos técnicos indicados nos artigos 4 a 6 do *DECRETO 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos* (DOG núm 13 do 19/01/2023).

g) que a instalación posúe a MARCACIÓN CE de conformidade¹ ou proxecto técnico, e o **certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede** (so no caso en que requira dun funcionamento eléctrico de conexión á rede).1As instalacións de equipos INCHABLES (Equipos de xogo destinados a ser utilizados por nenos de catorce anos ou menos baseado no subministro de aire continuo para manter súa forma, na cal ou sobre a cal os usuarios poden xogar, botar e/ou deslizarse) a marcación CE especificará **a)** o número de serie do inchable, **b)** seu nome ou denominación e, **c)** un texto acreditando que cumpre a normativa de construción do mesmo.

h) Que a instalación conta cun Certificado de revisión anual no que se inclúe a revisión e mantemento dos elementos mecánicos de funcionamento (sistema pneumático, eléctrico, hidráulico, combustión) así como dos elementos da estrutura en movemento asinado por técnico competente.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

i) Que a responsabilidade técnica da montaxe da instalación corresponde a

.....
coa titulación de _____, o cal certifica o mesmo.

k) que me comprometo, unha vez montada a instalación e antes do inicio da actividade, a presentar por REXISTRO e estar en posesión da certificación de instalación ou montaxe suscrita por técnico competente ou por unha entidade de certificación de conformidade municipal (ECCOM), na que se acredite que as instalacións reúnen as medidas necesarias de seguridade e solidez de todos os seus elementos.


l) Que me comprometo a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante o período de tempo inherente á posta en funcionamento da instalación.

Asinado (o titular da instalación):

.....

A presente declaración responsable faculta ao declarante para a montaxe e posta en funcionamento da atracción, de conformidade co disposto no artigo 40.5 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do Emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

Non obstante, a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que incorporado á declaración responsable, así como a non presentación da documentación requirida para acreditar o cumprimento do declarado, determinarán a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas.




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A MONTAXE DE POSTOS DE VENDA, CASSETAS DE FEIRA, POSTOS DE COMIDA E "FOODTRUCKS", QUIOSCOS OU PEQUENAS CARPAS.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

(INCLUE VENDA AMBULANTE E CONDICIÓNS HIXIÉNICAS E TÉCNICO-SANITARIAS PARA A ACTIVIDADE DE RESTAURACIÓN OU VENDA DE ALIMENTOS DE CARÁCTER TEMPORAL)

DATOS DO DECLARANTE / EMPRESA

TITULAR/RAZÓN SOCIAL	NIF/CIF
DIRECCIÓN	TELÉFONO
NÚM. MÓBIL	ACTIVIDADE


DATOS REPRESENTANTE

NOME E APELIDOS	DIRECCIÓN
NIF	TELÉFONO MÓBIL

1) DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE (marcar as que proceda segundo o tipo de posto):

En tódolos casos de montaxe de postos de venda, quioscos ou pequenas carpas

- Que o responsable da montaxe do posto de venda ambulante corresponde a:
- o cal certifica ser competente por ter dilatada experiencia na montaxe deste posto e garante a seguridade e estabilidade do mesmo segundo as especificacións do fabricante e instrucións de montaxe.
- Que se compromete a manter os requisitos esixidos durante o período de vixencia da citada autorización, e dispoñer no recinto da actividade da documentación requirida.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- Que declara coñecer, e acepta plenamente, as normas e condicións (sobre seguridade e hixiene, horario de apertura e funcionamento, e todas as demais que resulten preceptivas para o funcionamento da actividade) para a autorización de ocupación da vía pública.
- Que dará cumprimento a todas as condicións establecidas no Regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT; RD 842/2002) e Instrucións complementarias, en especial a ITC-BT-28 sobre instalacións en locais de pública concorrencia e a INSTRUCCIÓN 2/2018, do 26 de marzo, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalacións eléctricas temporais de baixa tensión (DOGA 84 do 02/05/2018).
- Que dispón dun Seguro de Responsabilidade Civil vixente acorde coa actividade a desenvolver.
- Que dará cumprimento á normativa de protección contra incendios que lle é de aplicación.
- Que dará cumprimento aos niveis de ruído establecidos na Ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica..
- Que se dará cumprimento ás condicións establecidas na normativa ambiental en todos os seus aspectos e especialmente no referente a verteduras e eliminación de residuos.
- Que dará cumprimento aos horarios establecidos na *ORDEN de 23 de outubro de 2020 por la que se determina el horario de apertura y cierre de los establecimientos abiertos al público y de inicio y finalización de los espectáculos públicos y de las actividades recreativas*.

() **No caso de que se inclúa venda ambulante (Marcar cando proceda)**

- Coñecer e cumprir as normas que deben axustarse a súa actividade e o seu compromiso de cumprilas (Lei 13/2010 do 17 de decembre do comercio interior de Galicia e normativa municipal de venda ambulante). En especial:
 - a). Estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e estar ó corrente da tarifa o, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.




Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- b). Estar ao día no pago das cotizacións da Seguridade Social.
 - c). Estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias, a tal fin, a utorizar ao Concello de Carral para solicitar ás restantes administracións públicas a información precisa para comprobar a veracidade da información facilitada ou, de ser o caso, acreditar mediante a documentación necesaria a circunstancia de estar dado de alta e ao corrente de pago de impostos de actividade económica ou no censo de obrigados tributarios.
 - d). No caso de ser prestador procedente de terceiros países, acreditar que coñece e cumpre coas obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.
 - e). Reunir as condicións exixidas pola normativa reguladora do produto obxecto da venda ambulante.
 - f). Non estar incluído en calquera dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na Lei para o exercicio do comercio, así como a falta de calquera outra actividade lucrativa.
 - g). Non realizar actividades con produtos prohibidos.
 - h). Coñecer as medidas organizativas e protocolos de “boas prácticas” de prevención e minimización de contaxio por axentes víricos tanto dos traballadores como dos consumidores, asumindo a responsabilidade da súa implementación no posto.
- () **No caso de que se inclúa venda de alimentos (Marcar cando proceda)**
- a) O establecemento de referencia cumpre con todos os requisitos establecidos na normativa sanitaria de aplicación.
 - b) Cumprirán coas prácticas correctas de hixiene durante o exercicio da actividade.
 - c) Porá a disposición da autoridade sanitaria os xustificantes de orixe dos alimentos.
(registro de provedores)
 - d) O manipulador de alimentos dispón da documentación que xustifique a súa formación como tal e/ou experiencia acreditada.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

- e) A actividade conta cos preceptivos permisos e licenzas esixibles por outras administracións e organismos públicos e cumpre coa normativa sectorial vixente de aplicación.
- f) Comprométese á retirada voluntaria do consumo e posterior destrución daqueles produtos que non reúnan as condicións hixiénico-sanitarias adecuadas colaborando coa autoridade sanitaria correspondente.
- g) De ser necesaria, comprométese a dispor dunha subministración de auga potable.
- h) Comprométese a non transportar no mesmo vehículo animais vivos xunto con alimentos
- i) Os alimentos perecedoiros deberán conservarse a temperatura regulada (frío ou calor segundo corresponda)
- j) Non encherá envases orixinais unha vez abertos e o transvasamento de alimentos a envases máis pequenos aptos para uso alimentario realizarase en condicións de salubridade adecuadas.

En _____, a _____ de _____, de 20

TERCEIRO.- Publicar este acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal así como na páxina web e proceder a dar de alta estas instancias na sede electrónica municipal para uso dos/as interesados/as.

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde

Dou fe, a Secretaria

Asdo.- FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ